

Instrución 3/2022, sobre o deseño dos fitos quilométricos e caxetíns de identificación na rede de estradas de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia.

O 01/02/2021 a Axencia Galega de Infraestruturas emitiu a *Instrución 1/2021, sobre o deseño dos fitos quilométricos para a rede de estradas de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia*.

O *Catálogo da Rede autonómica de estradas de Galicia*, onde se categorizou funcionalmente a rede autonómica de estradas de Galicia, foi aprobado polo *Decreto 100/2021, do 24 de xuño* (DOG núm 129 do 08/07/2021).

O 02/08/2021 publicouse no DOG o Decreto 112/2021, do 22 de xullo, polo que se aproba o uso dos elementos básicos da identidade corporativa da Xunta de Galicia, co que se aprobaba o *Manual de identidade corporativa da Xunta de Galicia*.

Redáctase esta Instrución co fin de establecer as cores dos fitos quilométricos e dos caxetíns de identificación de estradas en carteis, paneis, etc, segundo a clase da estrada e, no caso de estradas convencionais, segundo a súa categorización funcional. Ademais nesta Instrución actualízase a cor azul distintiva da Xunta de Galicia, segundo o establecido no *Manual de identidade corporativa da Xunta de Galicia*.

Por todo o anterior, dispense:

Primeiro. O ámbito de aplicación desta Instrución atinxe ás estradas de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo. As características principais do deseño dos fitos quilométricos están recollidas nos esquemas do final desta Instrución e son as seguintes:

1. Forma e tamaño dos fitos:

- Autoestradas e autovías: Cadrados de 60 cm de alto x 60 cm de ancho.
- Resto de vías: Rectangulares de 60 cm de alto x 40 cm de ancho.

2. Cores:

a) Orla:

- En autoestradas e autovías a orla será branca.



- No resto de vías a orla será azul Pantone 7461C, que é a cor distintiva da Xunta de Galicia, definida no punto 6.1 *Cor principal* do *Manual de identidade corporativa da Xunta de Galicia*, ou norma que o substitúa de ser o caso.


b) Fondo do fito:

As cores para os fondos dos fitos quilométricos son as que se especifican a continuación, que están definidas na *Norma UNE 135334, de Señalización vertical. Láminas retrorreflectantes con microesferas de vidro. Características y métodos de ensayo:*

- En autoestradas e autovías, o fondo do fito será azul.
- En vías para automóviles, o fondo do fito será verde e a liña de separación da clave co PK será branca.
- En treitos de estradas convencionais categorizadas funcionalmente como estruturantes, o fondo do fito será laranxa e o fondo do PK será branco.
- En treitos de estradas convencionais categorizadas funcionalmente como complementarias, o fondo do fito será verde e o fondo do PK será branco.
- En treitos de estradas convencionais categorizadas funcionalmente como locais, o fondo do fito será amarelo e o fondo do PK será branco.

3. Tipo de letra. A letra axustarase ao especificado na *Orden FOM/534/2014, de 20 de marzo, por la que se aprueba la norma 8.1-IC señalización vertical de la Instrucción de Carreteras.*

Terceiro. Na sinalización vertical, carteis, paneis, etc, a cor do fondo do caxetín de identificación do código da estrada autonómica será a que lle corresponda, de acordo coas cores establecidas no punto 2.b) do apartado Segundo desta Instrución; é dicir, a cor dependerá da clase de estrada, e no caso de estradas convencionais, da súa categorización funcional.



Exemplo das cores dos caxetins, onde a OU-525 é unha estrada convencional estruturante, a VG-3.1 unha vía para automóviles e a AG-31 unha autovía



No caso no que unha estrada convencional teña treitos con distintas categorías funcionais, a cor do fondo do caxetín de identificación será o que lle corresponda ao treito máis próximo ao lugar onde se sitúe ese caxetín, no sentido de circulación ao que se refira o elemento de sinalización.



Exemplo de panel frecha nun treito da estrada convencional PO-552, categorizado funcionalmente como rede complementaria



Exemplo de panel frecha nun treito da estrada convencional PO-552, categorizado funcionalmente como rede local

Se o elemento de sinalización se refire á accesos en distintos sentidos con diferentes categorías funcionais, deberase escoller a cor da categoría funcional máis alta de entre as dúas.

Cuarto. Queda derogada a *Orde Circular 1/2021 sobre o deseño dos fitos quilométricos para a rede de estradas de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia* emitida o 01/02/2021.

Quinto. Esta Instrución entrará en vigor ao día seguinte da data da súa sinatura.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2022

O director da Axencia Galega de Infraestruturas

Francisco Menéndez Iglesias





Maio de 2022

Textos

X Código Provincia
Y Código Estrada
Z Punto Kilométrico

Tipo de Letra

Axustarase ó especificado na "Orden FOM/534/2014, de 20 de marzo por la que se aprueba la norma 8.1-IC señalización vertical de la instrucción de Carreteras"

Cores

Orla

Branco

Branco

Azul

Distintivo da Xunta de Galicia definido no apartado 6.1.do Manual de identidade da Xunta de Galicia como Pantone7461C.

Fondo

Azul

Definido na Norma UNE 135334, de Sinalización Vertical

Laranxa


Definido na Norma UNE 135334, de Sinalización Vertical

Verde

Definido na Norma UNE 135334, de Sinalización Vertical

Amarelo

Definido na Norma UNE 135334, de Sinalización Vertical



Cotas en milímetros

Autoestradas e autovías





Maio de 2022

Textos

X Código Provincia
Y Código Estrada
Z Punto Kilométrico

Tipo de Letra

Axustarase ó especificado na "Orden FOM/534/2014, de 20 de marzo por la que se aprueba la norma 8.1-IC señalización vertical de la instrucción de Carreteras"

Cores

Orla

Branco

Branco

Azul

Distintivo da Xunta de Galicia definido no apartado 6.1 do Manual de Identidade da Xunta de Galicia como 7461C

Fondo

Azul

Definido na Norma UNE 135334, de Sinalización Vertical

Laranxa


Definido na Norma UNE 135334, de Sinalización Vertical

Verde

Definido na Norma UNE 135334, de Sinalización Vertical

Amarelo

Definido na Norma UNE 135334, de Sinalización Vertical



Cotas en milímetros

Vías para automóviles





Maio de 2022

Textos

X Código Provincia
Y Código Estrada
Z Punto Kilométrico

Tipo de Letra

Axustarase ó especificado na "Orden FOM/534/2014, de 20 de marzo por la que se aprueba la norma 8.1-IC señalización vertical de la instrucción de Carreteras"

Cores

Orla

Branco

Branco

Azul

Distintivo da Xunta de Galicia definido no apartado 6.1 do Manual de Identidade da Xunta de Galicia como 7461C

Fondo

Azul

Definido na Norma UNE 135334, de Sinalización Vertical

Laranxa


Definido na Norma UNE 135334, de Sinalización Vertical

Verde

Definido na Norma UNE 135334, de Sinalización Vertical

Amarelo

Definido na Norma UNE 135334, de Sinalización Vertical



Cotas en milímetros

Estradas convencionais estruturantes





Maio de 2022

Textos

X Código Provincia
Y Código Estrada
Z Punto Kilométrico

Tipo de Letra

Axustarase ó especificado na "Orden FOM/534/2014, de 20 de marzo por la que se aprueba la norma 8.1-IC señalización vertical de la instrucción de Carreteras"

Cores

Orla

Branco

Branco

Azul

Distintivo da Xunta de Galicia definido no apartado 6.1 do Manual de Identidade da Xunta de Galicia como 7461C

Fondo

Azul

Definido na Norma UNE 135334, de Sinalización Vertical

Laranxa


Definido na Norma UNE 135334, de Sinalización Vertical

Verde

Definido na Norma UNE 135334, de Sinalización Vertical

Amarelo

Definido na Norma UNE 135334, de Sinalización Vertical



Cotas en milímetros

Estradas convencionais complementarias





Maio de 2022

Textos

X Código Provincia
Y Código Estrada
Z Punto Kilométrico

Tipo de Letra

Axustarase ó especificado na "Orden FOM/534/2014, de 20 de marzo por la que se aprueba la norma 8.1-IC señalización vertical de la instrucción de Carreteras"

Cores

Orla

Branco

Branco

Azul

Distintivo da Xunta de Galicia definido no apartado 6.1 do Manual de Identidade da Xunta de Galicia como 7461C

Fondo

Azul

Definido na Norma UNE 135334, de Sinalización Vertical

Laranxa


Definido na Norma UNE 135334, de Sinalización Vertical

Verde

Definido na Norma UNE 135334, de Sinalización Vertical

Amarelo

Definido na Norma UNE 135334, de Sinalización Vertical



Cotas en milímetros

Estradas convencionais locais

